



**Resolución reitoral de 8 de maio de 2026 pola que se resolve a convocatoria dos programas internacionais de mobilidade do persoal da Universidade da Coruña a países asociados.**

Mediante resolución reitoral de 11 de xullo de 2025, establecéronse as bases reguladoras dos programas internacionais de mobilidade do persoal da Universidade da Coruña a países asociados e procedeuse á súa convocatoria para o curso 2025/26.

O 30 de abril de 2026 publicouse a proposta de adxudicación elaborada pola Comisión de selección, abríndose un prazo de cinco días no que non se presentaron alegacións.

Polo exposto, e en virtude do disposto nas bases reguladoras, esta Reitoría

**RESOLVE:**

1º) Aprobar a adxudicación de bolsas a países asociados entre as persoas que presentaron as súas solicitudes ata o 24 de abril de 2026, que se recollen no anexo.

2º) Ordenar a publicación desta resolución e notificarlla ás persoas adxudicatarias por correo electrónico, facéndolles saber que disporán dun prazo de cinco días naturais a partir da súa recepción para formalizar a súa aceptación, e que, unha vez formalizada a aceptación deberán asinar un convenio financeiro coa UDC que lles será remitido pola ORI por correo electrónico.

Contra esta resolución, que pón fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de Xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa ou, potestativamente, un recurso potestativo de reposición ante o reitor, no prazo dun mes, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Ambos prazos comezarán a contarse dende o día seguinte á publicación desta resolución no Taboleiro Electrónico Oficial.

O reitor

PD (RR 10/07/2024)

O vicerreitor de Títulos e Internacionalización



**ANEXO I. Relación de beneficiarios**

PROGRAMA	NOME	DATA INICIO PREVISTO	DATA FIN PREVISTO	INSTITUCIÓN DESTINO	PAIS DESTINO	CENTRO UDC	DIAS FINANCIADOS	AXUDA INDIVIDUAL MAX. PREVISTA	AXUDA VIAXE	BOLSA MAX. TOTAL PREVISTA
Erasmus+Partner Countries-STT	Sánchez, Juan José	25/05/2026	29/05/2026	Universiteti Politeknik i Tiranës	Albania	EPEF	7	1260	360	1620